En tanto no estean comprendidas en Plan Especial de Protección, as zonas citadas obrigan a dispoñer de informe previo da Comisión Provincial do Patrimonio -que terá carácter vinculante- para a realización de calquera das actividades enumeradas no art. 242 da L.S. dentro dos límites das devanditas áreas.

O límite da zona de protección, segundo os distintos bens e circunstancias, estará situado ás seguintes distancias do perímetro do ben catalogado:

SOLO NON URBANO

| Ben protexido | Distancia de protección | Obrigación que implica (*) |
|---|---|---|
| Elementos arquitectónicos (mosteiros, parroquias, igrexas, capelas, santuarios, cemiterios, paxos, castelos, pontes, fontes, etc.) | 100,00 m. | Ademais do respeto ambiental e paisaxístico, terase moi presente a harmonización |
| Elementos etnográficos (hórreos, pombais, cruceiros, petos, fornos, feiras, muíños, etc) | 50,00 m. | Ademais do sinalado para os elementos arquitectónicos debe considerarse, nos etnográficos, a posibilidade de anmilos en contextos vivideiros, non museais nin arcaizantes, mais sempre dignos |

SOLO URBANO

| Ben protexido | Distancia de protección | Obrigación que implica (*) |
|---|---|---|
| Parque, xardín, rúa, praza | Propio ámbito | Harmonización |
| Edificio | Colindantes | Harmonización |
| Conxuntos monumentais, grandes construccións monumentais | Entorno inmediato | Harmonización |
| Ponte, fonte, cruceiro, monumento escultórico e equiparables | 15,00 m. | Non altera-lo ambiente, excepto para adecentamento, axeitado axardinamento, iluminación ornamental |

(*) Sen prexuízo das determinacións que especificamente sinale a Comisión Provincial do Patrimonio ó efecto.

## A N E X O

CATÁLOGO COMPLEMENTARIO DE BENS CON VALOR HISTÓRICO, ARTÍSTICO OU CULTURAL E ESPACIOS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS, OBXECTO DE PROTECCIÓN

| Denominación e situación | Grao de protección | Descrición e datos |
|---|---|---|
| Pontecesures | GP. 9.3.2 | Século máis relevante: XVI, aínda que algúns sinalan o XII e, incluso, o II ou III.- Estilo relevante: Neoclásico, se ben outros atópanlle elementos románicos, romanos e paleocristiáns. Fábrica de sillería de granito. Dez ollos de medio punto, con tallamaranes de prisma triangular nos dous fontes. Non ten lomo. O peitoril formaba acubillos nos tallamares. Foi desvirtuado por obras coas que substitúe o peitoril e refuxios por un ensanchamento en formigón e balaustrada de cemento. A ponte é unha das máis interesantes da comunidade galega, xa que consta documentalmente que nela traballou o mestre Mateo, con antelación ó seu nomeamento como arquiteco da Catedral de Santiago de Compostela. |
| Cabeceira de Pontecesures | Gp. 9 | Século máis relevante: XIX.- Estilo: Neoclásico. Consiste a obra nunha embocadura da ponte, disposta sobre trece arcos, coa función de aliviadeiro nas crecidas. Ten carácter decimonónico, e, polo declive e carencia de impostado, aspecto máis forte. |
| Ponte sobre o Sar, Espolón, Padrón | GP. 7 | Século máis relevante: XIX.- Estilo: Neoclásico |
| Monumento a Rosalía, no paseo do Espolón | GP. 9 | Século: XX.- Data: 1957. Foi realizado polo escultor compostelán Xosé M.ª Mateos, en memoria da poetisa Rosalía de Castro, coas aportacións dos galegos do Uruguai. |

| Denominación e situación | Plano | Clave | Lugar/Parroquia |
|---|---|---|---|
| Medieval-Castelo de Casas das Meigas ou de Pena de Angueira | 2-6 e 3-6 | GA-15065007 | Angueira de Suso |
| Indeterm.-Castro de A Barroca ou a Rocha ou a Reina Lupa | 5-5 | GA-15065002 | Iria |
| Edad de Bronce-Hábitat A Chansa | 4-6 | GA-15065009 | As Estivadas |
| Neolítico-Mámoa A Chansa | 4-6 | GA-15065008 | As Estivadas |
| Neolítico-Castelo Redondo | 4-6 | GA-15065006 | Cruxeiras de Abaixo |
| Neolítico-Mámoa de Castelo Redondo | 4-6 | GA-15065010 | Cruxeiras de Abaixo |
| Neolítico-Mámoa de Castelo do Medio 1 | 4-6 | GA-15065011 | Cruxeiras de Abaixo |
| Neolítico-Mámoa de Castelo do Medio 2 | 4-6 | GA-15065012 | Cruxeiras de Abaixo |
| Neolítico-Castro de Rial - O Coruto do Castro | 4-6 e 4-7 | GA-15065005 | Rial |
| Indeterm.-Hábitat de Iria Flavia | 4-5 e 5-5 | GA-15065001 | Iria |
| Indeterm.-Santiaguiño do Monte | 5-5 | GA-15065013 | Padrón |
| Neolítico-O Castro de Barco | 5-5 | GA-15065003 | Barco |
| Neolítico-Castro Valente | 5-6 e 6-6 | GA-36017048 | Límite Concello de A Estrada |
| Neolítico-Castelo | 5-6 | GA-15065004 | Herbón |

| Denominación e situación | Grao de protección | Descrición e datos |
|---|---|---|
| Cruceiro da Patricia, en Pazos de Quintán-Iria Flavia | GP. 9 | Século máis relevante:XIII.- Estilo: Barroco. Fábrica de cantería de granito. Cruz de troncos con Cristo e Dolorosa. Capital corintio con querubís.Vara octogonal |
| Cruceiro no Adro da Colexiata, Iria Flavia | GP. 9 | Século mási relevante: XVIII.- Estilo: Renacentista. Fábrica de cantería de granito. Cruz florenzada con Cristo e Dolorosa. Capitel de palmetas. Vara octogonal con San Francisco e Santiago. Peana cúbica. Base de tres chanzos cadrados |
| Cruceiro da Porta do Fondo da Vila. Padrón | GP. 9 | Século máis relevante: XVI.- Estilo relevante: Plateresco. Fábrica de cantería. Cruz florenzada con Cristo morto e Piedade. Capitel Corintio. Vara octogonal con San Xoán Evanxelista e Santiago peregrino. Peana con caveiras, tibias e animalias. Base de dous chanzos cadrados |
| Cruceiro do Vilar, Extramundi, O Vilar | GP. 9 | Século máis relevante: XVIII.- Estilo: Barroco. Fábrica de cantería de granito. Cruz de troncos con Cristo morto e Virxe do Carme co neno, de excelente esculpido. Capitel corintio. Vara octogonal con imoscapo de placas. Peana moldurada de magnífico debuxo. Base de dous chanzos cadrados |
| Fonte do Carme, no barrio do Convento, Santiago de Padrón | GP. 9 | Século máis relevante: XVIII.- Estilo: Neoclásico. Fábrica de sillería de granito. Corpo baixo con fornela de arco escarzano. No fondo: manantial. Enriba: relevo representando o translado do Apóstolo. Remate en templete con fornela de arco carpanel acubillando a imaxe de Santiago bautizado, coronado por frontón recto, con óculo. Esta fonte está vinculada ó acerbo folclórico do translado do Apóstolo, sobor das fontes xurdidas milgreiramente onde paraba o carro no que o transladaban |
| Capela da nosa Sra. da Mercede, en Bandín | GP. 9.3.2 | Século máis relevante: XVIII.- Estilo relevante: Barroco. Planta de nave con presbiterio destacado. Sillería de granito, e mampostería, con reboco e cal nalgunhas partes. Fronte con porta de orellas molduradas. Pinche con beiril que, revirándose horizontal, serve de pe á espadana, ésta dun so corpo, con pilastras afundidas e grande beiril moi moldurado; remate en triángulo curvo, ó que fáltalle beiril e cruz. Presbiterio con arco triunfal de medio punto, sobre pilastras, con fermosa cancela, alta, que o cerra, feita en madeira policromada |
| Sta. María de Cruces, en Cruces, A Igrexa | GP. 9.3.2 | Século XII, para algúns do XVI ou XVIII.- Estilo: Románico, aínda que outros sinalan o plateresco ou barroco. Planta rectangular dunha nave con cabeceira destacada. Sillería de grnito. Fachada con portada de frontón recto partido e torre de campás dun só corpo. Pilastras tempestre ortogonal con cupuliña. Canzorros e porta do S. XVI no muro norte. Canzorros no muro sur. Abside. Contrafortes con canzorros nos muros norte e sur. Muro este con fiestra absidal de arquivoltas sobre codillos. Presbiterio con arco triunfal de medio punto, doblado, sobre columnas de capiteis de fitaría |
| Santuario de nosa Sra. da Escravitude, en Cruces, A Escravitude | GP. 9.3.2 | Século máis relevante: XVIII.- Estilo: Barroco e neoclásifo. Planta de cruz latina, dunha nave, con cruceiro e presbiterio destacados en planta e alzado. Sillería de granito. Fachada con porta de orellas, grande fornela para a virxe, decorada con volutas, duas torres xemeas dun corpo de campás con pilastras e balconada de balaústres sobre cornixa. Remates de templete octogonal, con cupuliña moi peraltada. Nave dividida por arcos faxóns de medio punto sobre entaboamento continuo con pilastras. Cruceiro con esteos de dobles pilastras. Cúpula semiesférica con lanterna sobre pendentes. Presbiterio con bóveda de casetóns |
| Escalinatas do Santuario da Escravitude, en Cruces, A Escravitude | GP. 9.3.2 | Século máis relevante XVIII.- Estilo: Barroco. Sillería de granito. Dous tramos independientes en escaleira imperial. Chanzos con voadizo. Peitoril de balaústres composteláns e pilastras nos arrinques e nos relanzos, con pináculos, adornados con volutas, de tipo piramidal |
| Casa de Campo - Casa de Sebe, en Cruces, A Escravitude | GP. 7 | Século máis relevante: XIX.- Estilo: Neoclásico. Edificación rectangular, de dúas plantas. Sillería. Fachada con porta de orellas, de enmarcado con relevo. Balcón central en forxa de ferro |
| Casa dos Curas, en Cruces, A Escravitude | GP. 7 | Século máis relevante: XVIII.- Estilo máis relevante: Barroco. Edificación practicamente cadrada, de dúas plantas. Sillería e mampostería. Patín con escaleira de peitoril. Grande cheminea de magnífico deseño |
| Casa da Grela, en Cruces, A Escravitude | GP. 7 | Século máis relevante: XIX.- Estiulo: Neoclásico. Casa-mesón, rectangular, de dúas plantas. Sillería e mampostería. Grande porche sobre altos esteos de granito, abranguindo as dúas plantas. |
| Granxa de Sta. Cruz, en Herbón, Sta. Cruz | GP. 6 | Século máis relevante: XVIII.- Estilo máis relevante: Barroco. Planta irregular formada por varios corpos de edificios rodeando un pequeno patio. Sillería e cantería de granito. Fachada con escalinata e patín, na mitade inferior de forma de "U" |
| Capela de Sta. Cruz, en Herbón, Sta. Cruz | GP. 9.3.2 | Século máis relevante: Barroco. Planta rectangular dunha nave e presbiterio cadrado, destacado na planta e no alzado. Sillería de granito. Fachada con frontón recto, que inclúe unha fornela no tímpano e pequena espadana, sinxela; presbiterio de arco trinfal de medio punto sobre pilastras; cúpula cega, sobre pechinas |
| Igrexa de Sta. María de Herbón, en Herbón, A Igrexa | GP- 9.3.2 | Século máis relevante: XII.- Estilo máis relevante: Románico. Nave de base rectangular y ábside semicilíndrico, con tres fiestras. A porta principal amosa tres pares de columnas con arquivolta de arquiñoslobulados. Outra porta dispón dous pares de columnas |
| Convento dos Franciscanos, en Herbón. Catalogación do Conxunto | GP. 4:5a9 | Fundado no século XIV.- Asume varios estilos, derivados das sucesivas reformas e adaptacións, polos distintos usos que tivo. Foi seminario menor, ademáis das funcións conventuais, hospitalarias e outras que asumíu. O conxunto comprende unha vasta finca, á beira do Ulla, abranguindo a Igrexa, de grande tamaño, e o edificio conventual, que rodean o claustro e un patio menor, máis unha carballeira, cun cruceiro (recollido noutra parte do catálogo). Fora dos muros da finca, a horta, vinculada cunha rampa e escalinata, sen excepcional valor paisaxístico |

| Denominación e situación | Grao de protección | Descrición e datos |
|---|---|---|
| Edificio conventual dos Franciscanos, en Herbón, o convento | GP. 5 | Século máis relevante: Barroco. Planta irregular formada pola unión de corpos que rodean ó claustro e o patio de mortos. As construccións son heteroxéneas, sen especial calidade, destacando a portería, con soportal de tres arcos, de grande relevo, así como a "á de arcebispo". As devanditas construccións resólvense en sillería de granito e cantería rústica |
| Cláustro do Convento de Herbón | GP. 9 | Século: XVIII.- Estilo: Barroco. Planta cadrada. Sillería de granito. Está formada por dous corredores, o inferior con arcos de medio punto sobre esteos cadrados, con afondados, basa e capitel. O superior, cerrado, con fiestras de oco sen encarar |
| Igrexa do Convento de Herbón | GP. 9.3.2 | Século XVIII.- Estilo: Barroco. Planta en cruz latina, con cruceiro e presbiterio que se destaca na planta e no alzado. Sillería e cantería de granito, concertada e rexuntada. Sinxela fachada, cunha grande fiestra, de arco de medio punto e torre de campás dun só corpo, con pilastras e remate cilíndrico cego, con cupuliña e volutas. No interior, entaboamento seguido sobre pilastras, bóveda de canón, na nave e brazos do cruceiro, cúpula cega no cruceiro, sobre pechinas. Presbiterio con bóveda de arestas |
| Sacristía do Convento de Herbón | GP. 9 | Século máis relevante: XVIII.- Estilo: Barroco. Planta rectangular. Sillería de granito. Nas paredes, contrafortes unidos por arcos escarzanos, cegos. Entaboamento continuo con grandes ménsulas nas que apoian os faxóns de tres lados rectos. Cuberta de tres planos, a modo de bóveda |
| Casa das de Castro, en Iria Flavia, O Barco | GP. 7 | Século máis relevante: XVIII.- Estilo: Barroco. Edificio de planta rectangular, en sillería e cantería de granito. Fachada norte con escalinata e patín. Grande cheminea no ángulo nordeste. Escudo nobiliario. Fachada oeste con fiestras de almacán. Balcóns de ferro forxado sobre plataformas de cantería, moi voadas, na planta nobre |
| Ruínas do Castelo da Rocha Branca, en Iria Flavia, O Castro | GP. 9 | Século máis relevante: XV.- Estilo: Gótico. Do que foi o castelo, de grande importancia na historia de Compostela, só perduran os fosos, a plataforma de asentamento e a zona de acceso, ademais de canterías espalladas e algunhas sillerías soterradas, partes de muro de contención e o propio terreo |
| Conxunto de Iria Flavia, Sta. María de Iria Flavia | GP. 4:5a9 | Conxunto de grande beleza, tipicamente dezaortesco, aínda que presenta tamén elementos medievais e renancentistas. Compréndese dentro dun grande rectángulo, cerrado polo oeste co boleque, alongadísimo, da casa dos coengos, e ocupado na súa mitade oriental pola Colexiata, co seu adro e o cemiterio parroquial. Polo medio, a estrada Santiago-Pontevedra |
| Casa dos Coengos en Iria Flavia, rúa de Sta. María | GP. 8.2 | Século máis relevante: XVIII.- Estilo relevante: neoclásico. Edificación de planta rectangular, moi alongada, que acada, na fachada 158.3 m. Fábrica de sillería de granito. A construcción está estructurada pola repetición de un módulo habitable ou vivenda. Consta de dúas plantas. A baixa ten unha porta flanqueada por catro fiestras de orellas. A planta alta preséntase diferenciada, ó exterior, por unha imposta que a separa da inferior. Ten balcón de ferro forxado entre catro fiestras, tamén de orellas. Grande cornixa moldurada, de moito vo. Nos módulos do centro -frente a Colexiata- elévase un grande remate de tímpano curvo co escudo |
| Conxunto da Colexiata en Iria Flavia | GP. 9.3.2 | Conxunto formado polo adro parroquial, con cerramento de arquitectura sinxela, a Colexiata de Sta. María de Iria Flavia, o Cruceiro (no adro), a casa-escola e o cemiterio, anexo polo costado sur ó adro. A agrupación é axeitada e homóxene, con relevante perspectiva e ambiente |
| Adro da Colexiata | GP. 9.3.2 | Século: XVIII.- Estilo: Barroco. Planta irregular, que na parte anterior preséntase como un rectángulo, cerrado por un muro baixo de moi boa construcción, con pasamáns moldurado e porta de entrada con escalinata en abanico, de chanzos con moito vo, e dous grandes esteos moi moldurados, coroados por enormes mecheiros. O recinto ten sobrio axardinamento, e algúns cipreses |
| Edificio da Colexiata | GP. 9.3.2 | Século máis relevante: XIII (para algúns: XVII).- Estilo: Gótico (ou renacentista, segundo outros). Planta en cruz latina de tres naves con cruceiro e dúas capelas adosadas nábolos dous extremos. Presbiterio manifestado na planta e no alzado. Sillería de granito. Fachada con pinche na nave central, destacando sobre as naves laterias, mais baixas. A parte inferior da fachada constitúe o único resto da antiga colexiata, no remate do románico. As naves están separadas por esteos de sección cadrada, con grandes pilastras que soportan o entaboamento continuo, moi movido, e arcos de medio punto, impostados. As naves laterais cúbrense con bóveda de aresta, e a central con bóveda de medio canón, con lunetos, separada do cruceiro por valiosa reixa de ferro forxado |
| Portada oeste da Colexiata | GP. 9.3.2 | Século máis relevante: XIII.- Estilo relevante: Gótico. E a única parte existente da antiga Igrexa románica. Edificio de tre naves, evidenciado polos contrafortes. Portada de arco apuntado con arquivoltas decoradas e lisas, apoiadas sobre columnas de tradición compostelana, con capiteis de fitarías e alongado fuste. As basas fican soterradas baixo o pavimento. Tímpano coa Virxe de Belén. Cruces de consagración nas xambas |
| Torres da Colexiata | GP. 9.3.2 | Século XVI.- Estilo: Plateresco. Son dúas torres xemeas, de planta cadrada, en sillería de granito. A fábrica é sinxela, coa imposta en bo relevo, vans de arco de medio punto con balconciño e remate deste con balaústres, sobre a cornixa. Enriba, pirmámide con sucesivos beirís |
| Capela de Belén, da Colexiata | GP. 9 | Século: XVIII.- Estilo relevante: Neoclásico. Planta cadrada. Sillería de granito. Arco de medio punto, impostado, entre pilastras con remate de pináculo, comunicando a capela co brazo norte do cruceiro, no que está adosada. Brazos do cruceiro con grandes arcos de medio punto cegos, nas esquinas columnas toscanas clásicas. A cúpula é vaida, cega, sobre pechinas |

| Denominación e situación | Grao de protección | Descrición e datos |
|---|---|---|
| Capela do arcebispo de Quito, na Colexiata | GP. 9 | Século XVII.- Estilo: Renacentista. Planta rectangular formada por capela funeraria de planta cadrada e capela de culto adosada á mesma, formando presbiterio ou cabeceira. Sillería de granito. Comunícase co brazo sur do cruceiro por arco de medio punto sobre pilastras e frontón recto, agudo, partido co escudo de Alonso de la Peña e Montenegro. Capela funeraria de planta cadrada con apoios de doble pilastras nas esquinas, e cúpula cega, sobre pechinas. No lado este, sepulcro e estatua orante do arcebispo de Quito. Cabeceira de pilastras soportando entaboamento de formas robustas con bóveda de canón |
| Cemiterio parroquial de Iria Flavia, a carón da Colexiata | GP. 6 | Século XIX.- Estilo máis relevante: Neoclásico. Planta rectangular. Sen nichos (tódolos enterramentos son de foxo, no terreo). Espacios entremedias de herba, sen camiños. Cerre exterior con muriño aixo. O cemiterio está unido ó adro cunha cortiña de arbes. O adro ten un cruceiro que se recolle noutra parte deste catálogo |
| Conxunto do pazo de Arretén-Iria-Arretén | GP-8 | Extensa finca, con edificacións e pequeno xardín. O pazo propiamente dito é unha construcción alongada, unida por un extremo á capela familiar, mediante paso elevado sobre bóveda de canón, formando conxunto en forma de "L". As edificacións son de grande calidade arquitectónica, mentres que o espacio exterior ten interés |
| Edificio do Pazo de Arretén | GP. 9.3.2 | Séculos XVII.- Estilo: Renacentista. Planta rectangular, con extremos angulado para comunicar por paso elevado coa capela. Fábrica de sillería e cantería de granito. Fachada principal sobria, con solemne escalinata de balaústres, que comunica cun alongadísimo patín (ó longo de tódolo fronte), formado por arcos demedio punto con columnas toscanas e blea balaustrada de traza compostelana. No interior, grandes salóns. O Pazo perteneceu a unha das mellosres famililas de Santiago de Compostela, da que formaban parte a nai de Rosalía de Castro e a na de Alejandro Pérez Lugín. Ó pazo adicou Rosalía unha das súas máis populares poesías |
| Capela do Pazo de Aretén | GP. 9.3.2 | Século: XVI ó XVIII.- Estilo: Plateresco, ou, para outros, Barroco. Planta rectangular. Fábrica de sillería e cantería de granito. Fachada con pilastras afundidas (das que arrinca pinche con grande cornixa), coroadas por pináculos piramidais, con bola. No centro, porta con orellas e, sobre ela, escudo dos Castro entre volutas. Máis enriba: fiestra de orellas, da tribuna familiar |
| Xardíns de Macías, na vila de Padrón | 9.3.2 | Século máis relevante: XIX.- Típico xardín de vila, provinciano, de gran beleza, polo seu trazado, vexetación e ambiente. O deseño tende ó laberinto. A combinación de especies de flor e de fronde son extraordinariamente axeitados |
| Pazo do arcebispo de Quito, nas rúas Dolores, n.º 30, e Balsa de la Vega, 2 | Véxase ficha 21 | Século máis relevante: XVII.- Estilo relevante: Renacentista. Pertencen ó padronés Alonso de la Peña e Montenegro, que foi rector da Universidade de Compostela e posteriormente Bispo e Capitán Xeral de Quito (Perú), onde finou no 1688. Está constituído por unha agrupación de construccións e terreo con corpo principal de dúas plantas, coa fachada principal moi sobria, de sillería, na rúa Dolores. Presenta todo o seu fronte con soportal de seis arcos de medio punto, algo rebaixados, lisos, sobre pilastras cadradas, robustas, ás que se superpoñen, en relevo, outras adosadas, esveltas, que, interrumpindo o impostado das primeiras, acadan con sinxelos capiteis, a cornixa, mentres que a imposta que manifesta o cambio de andar pasalles por riba. En sendas ensanchas destas pilastras sitúanse dous escudos do arcebispado. Horta-xardín, con fermosa verxa de ferro forxado na rúa Balsa de la Vega. Espacio con arboredo, amurallado cara ó Bordel |
| Casas da rúa da Porta do Fondo da Vila, n.º 12, 16, 18, Padrón | Véxanse fichas n.º 28 e 29 | Século máis relevante: XVIII.- Estilo relevante: Barroco. Casa n.º 18 con soportaliño baixo o abance da planta nobre, que carga en estos cadrados, con capiteis. Escaleira sen peitoril, e patín. Sillería rústica. Casa n.º 16 con pinche cara a rúa |
| Casas da rúa do Poulo, n.º 1, 3, 5 e 7, Padrón | Véxase ficha 19 | Século máis relevante: XIX.- Estilo relevante: Barroco. Casa típicas das rúas adxacentes ós viais urbanos de importancia. Balcóns e balconadas de corredor, algunhas con pronunciadas plataformas de cantería, varandas de ferro coado, con fiadores para afirmalas, nas cubertas |
| Casas na rúa Vidal Cepeda, n.º 5, 7, 9, 11 e 13, Padrón | Véxase ficha 9 | Século máis relevante: XIX.- Estilo relevante: Barroco. Mesmas consideracións e características que nas anteriormente descritas |
| Casa do Moucho, na praza de Ramón Tojo, Padrón | Véxase ficha 26 (Ref. 26.2) | Século máis relevante: Neoclásica. Planta rectangular. Fábrica de sillería e cantería de granito. Esquina con pilastra curva, rematada con pináculo. Ocos rastados con marqueado. Balcóns de ferro forxado. Fachada lateral cun desproporcionado tímpano curvo, atípico |
| Casa do Vinculeiro, en Extramundi | GP. 7 | Século máis relevante: XVIII.- Estilo relevante: Barroco. Planta en "L", con un corpo engadido no ángulo interior da mesma. Sillería e cantería de granito. Fachada con escaleira e patín cuberto. Grandes escudos dos Montenegro, Torre, Andrade, Caamaño e Moscoso |
| Casa de la Riva Ramona, rúa Nova, 9, Padrón | Véxase ficha n.º 6 (Ref. 6.3) | Século máis relevante: XVIII.- Estilo relevante: Barroco. Fábrica de sillería de granito. Porta de Orellas. Balcóns de ferro forxado, con plataforma de moi escaso voo |
| Casa de los de la Riva, Cantón da Igrexa, n.º 2, esquina praza do Espolón, Padrón | Véxase ficha 5 | Século máis relevante: XVIII.- Estilo relevante: Barroco. Planta rectangular. Fábrica de sillería de granito, na fachada ó Cantón da Igrexa, e de mampostería rebocada, na praza do Espolón. Peitorís de ferro coado, nas fiestras-balcón. Escudo dos da Riva |
| Capela do cemiterio Vello, no adro parroquial da Igrexa de Santiago de Padrón, nesta vila | Véxase ficha 2 | Século máis relevante: ,XVIII.- Estilo relevante: Barroco. Planta rectangular. Sillería de granito. Fachada con pequena espadana rococó, coa base voada, coroación curviliña e balaústre no remate |

| Denominación e situación | Grao de protección | Descrición e datos |
|---|---|---|
| Igrexa de Santiago de Padrón, na vila | Véxase ficha 1 | Século máis relevante: XVIII.- Estilo relevante: Neoclásico. Planta de tres naves, sen cruceiro, co presbiterio destacado na planta e no alzado. Fábrica de sillería de granito. Na fachada: pilastras xónicas, pareadas, soportando alto entaboamento e frontón recto partido. No centro: porta con frontón recto e luneta. Torres xemeas de alto basamento e corpo de campás sinxelo, co remate en cupuliña, a xeito de balaustre. Portada con grande fornela abuciñada, sobre pilastras. Pequeno frontón recto sobre do oco da porta. No interior: naves separadas por esteos conpilastras toscanas e arcos de medio punto, doblados |
| Casa-museo de Rosalía, no barrio da Matanza, Padrón | GP. 9.3.2 | Século máis relevante: XVIII.- Estilo relevante: Barroco. Planta sensiblemente rectangular. Fábrica de sillería de granito y mampostería revocada y enlucida. Na fachada: balcón apoiado sobre esteos de sección cadrada, ochavados, con basa e capitel. Fiestras cativas, conforme a tipoloxía do agro |
| Conxunto de Padrón | GP. 2 | Arquitectura civil e relixiosa, con exemplos destacados dos séculos XIX, XVIII e algúns anteriores. Vial-eixe central mio característico, notables rúas paralelas a éste, nas bandas este e oeste, interrelacionadas transversalmente por rúas de vila, tradicionais (ou de transición, nos extremos norte e sur) praciñas moi axeitadas. Igrexa parroquial nos límites do núcleo, por mor do seu asentamento Xacobeo. Núcleo histórico-artístico apreciablemente diferenciable. Carácter arquitectónico e tipoloxía local identificables pola cantería, balcóns con plataforma de granito e varandas de ferro coado, balcóns de corredor cubertos ou descubertos, algúns con fiadores, galerías tradicionas (moitas desvirtuadas con materiais atípicos), fiestras-balcón, con varanda-peitoril, proporcións, integración do uso comercial dos baixos sen alterarlle o carácter residencial das edificacións |
| Conxunto da calle Real (rúa do Xral. Franco), da vila de Padrón | GP. 2 | Constitúe o vial-eixe central da vila, xuntamente coa rúa de Dolores e rúa Tetúan, que o alongan ó norte e sur, respectivamente. Enlaza dinamicamente as relevantes prazas de Baltar e de Macías, das que realmente forma parte. Coas transversais B. de la Vega -Rosalía de Castro e rúa Nova-, Juan Rodríguez, constiúe a estructura urbana a partir da que se entretecen rúas con moi suxerentes trazados. Na calle Real concorren de xeito significativo as características arquitectónicas, tipolóxicas e ambientais máis relevantes de Padrón |
| Casa da calle Real (rúa do Xral. Franco), n.º 1, 3, 5, 7, 9, 11, 15, 17, 19, 21 e 23 | Véxanse fichas n.º 8 e 14 a 18 | Século máis relevante: XIX.- Estilo relevante: Neoclásico. Edificacións máis valiosas, respecto ás características arquitectónicasd, tipolóxicas e ambientais expresadas nos puntos precedentes, dentro das que cabe mencionar as seguintes particularidades: Casas típicas da burguesía provinciana, con balcóns de curta plataforma de cantería, e varandiña de ferro forxado ou coado na planta primeira. Nas plantas altas, galería tradicional (no n.º 17, galerías-miradoiro de ferro coado). Baixos comerciais perfectamente integrados nunha modulación de ocos e proporcións acorde co conxunto da fachada. O n.º 17, equina Juan Rodríguez (ficha n.º 17, ref. 17.8), presenta soportal con arcos de medio punto (actualmente invalidados, con cerramento de albanelería) |
| Casa dos Baltar, na calle Real (rúa do Xeral Franco), n.º 13, esq. Juan Rodríguez | Véxase ficha n.º 18 (Ref. 18.1) | Século máis relevante: XIX.- Estilo relevante: Neoclásico. Fábrica de sillería de granito. Fiestra-balcón coa carpintería pordetrás da varanda de ferro forxado. Grande balcón-corredor, de esquina, con plataforma de cantería e varanda de forxa. Na planta segunda: galería tradicional de madeira |
| Edificio do Concello, na calle Real (rúa do Xeral Franco), n.º 19, esquina rúa do Castro | Véxase ficha n.º 16 | Planta rectangular. Sillería de granito (rúa do Xeral Franco) e mampostería grosa rebocada e enlucida no resto. Fachada principal con fábrica de sillería almofada. Grande balcón-corredor descuberto na planta primeira, con plataforma de cantería e varanda de ferro coado. Escudo da vila de Padrón, con coroa en alto relevo. Frontón recto con reloxio, relevos e acroterio. Torre de campás, de xeito semellante a unha espadana |
| Casa do Pedreiro, na calle Real (rúa do Xeral Franco) n.º 31, esq. a rúa do Castro | Véxase ficha n.º 15 (Ref. 15.4) | Século máis relevante: XVIII.- Estilo relevante: Barroco. Planta rectangular. Fábrica mampostería rebocada e sillería de granito, nos elementos nobles. Na fachada á praza do Castro: balcón-corredor, con plataforma de granito, varanda de barrotes rectos, moi sinxela, con fiadores |
| Conxunto do Espolón, na marxe do río Sar, na vila de Padrón | Gp. 2. Véxanse fichas n.º 5, 11, 12 e 28 | Longo paseo pola beira do Sar, que, arrincando ó pe da Igrexa de Santiago, achégase ás proximidades da praza do Cruceiro, tomando o nome de rúa de Castelao e, no seu punto medio, praza de Camilo José Cela. O carácter da súa arquitectura, arboreda e perspectiva, compleméntase co animado uso para mercado-feira dominical |
| Conxunto do Cantón da Igrexa, Padrón | GP. 2. Véxanse fichas n.º 1, 3 e 5 | Praza de pouco carácter, nembargantes que dan fronte a ela significativos edificios (Igrexa de Santiago, caso dos de Riva), e vista sobre o río Sar. A renovación de pavimento, amoblamento urbano, ornamentos de xardinería e outros factores poden elevar considerablemente a valía deste espacio singula |
| Conxunto da praza de Macías, Padrón | GP. 2. Véxase ficha n.º 13 | Pódese tomar como un alongamento adxetivo á rúa do Xeral Franco, con moi poucas variantes fisionómicas, se ben cun significativo cambio ambiental, pola forma de recibi-la luz, espacio e abertura cara o espolón (praza de Camilo José Cela) |
| Edificios n.º 1, 3, 5 e 7 da praza de Macías | Véxase ficha n.º 13 | Fiestras-balcóns de curto vo nas construccións sinxelas, ou balcóns con plataforma de cantería, nas máis nobres, námbolos dous casos con varandas de forxa ou fundición. Galerías tradicionais nas plantas altas. Baixos con ocos e tipoloxía concordante coa fachada, carácter residencial non alterado polo uso comercial |
| Convento de S. Xosé, Convento do Carme, barrio do Convento, Padrón | GP. 9.3.2 | O conxunto componse dunha Igrexa de vastas dimensións, con amplo adro diante (constituíndo unnotable miradorio da vila e do val, ata a desembocaudra do Ulla e do Sar), dun edificio conventual e dunha horta -que noutra chegaba ata o Santiaguiño do Monte- na que subsiste unha pequena e fermosa capela que servía de retiro. Tan interesante como o conxunto arquitectónico é o seu emprazamento, polo seu propio valor e polas connotacións devocionais e folclóricas que o convirten nun destacado centro polarizador. O convento xurdíu ligado a tradicións de devoción Xacobea. Alí atópanse o manantial Xacobeo (dentro da horta do convento) |

| Denominación e situación | Grao de protección | Descrición e datos |
|---|---|---|
| Casa conventual do Convento de S. Xosé | GP. 9 | Século máis relevante: XVIII.- Estilo relevante: Barroco. Planta rectangular. Sillería e cantería de granito, concertadas e rexuntadas. A parte anterior do edificio ten dependencias en torno a un patio. A parte posterior, en torno á horta. Edificio en tres plantas. A fachada cara a horta presenta tres arcos de medio punto, cegados (antiga loxia). Claustro de arquitectura moi senxela |
| Adro do Convento de San Xosé | GP. 9 | Século máis relevante: XVIII.- Estilo: Barroco. Planta irregular. Sillería de granito. Espacio de grandes dimensións, que forma miradoiro sobre o val e a desembocadura do Ulla e do Sar. A obra arquitectónica compóñese dunh alto muro de contención, un cerre abalasutrado, con sillería de granito, e un coidado lousado de granito no chan |
| Igrexa do Convento de S. Xoxé | GP.9 | Século máis relevante: XVIII.- Estilo relevante: barroco |
| Conxunto do monte de Santiaguiñoi | GP 9.3.2 | Nesto monte, chamado tamén do San Gregorio, están as penas onde predicaba Sant-Iago o Maior, nas úas primeiras visitas que fixo a estas terras. O conxunto ocupa un lugar de extraordinaria beleza, con notable arboredo. No clareiro central están as grandes rochas de granito, coa "pedra dos cadrís". En zona máis baixa, púlpito, capela e casa do cuidador |
| Capela de Santiaguiño do Monte | GP. 9.3.2 | Século mais relevante: XVIII.- Estilo relevante: Barroco. Planta rectangular dunha nave co presbiterio englobado. Fábrica de sillería. Cantería de granito. Fachada con porta de orellas. Fonela coa imaxe do santo e grande tímpano curvo, coa súa cornixa enlazada coa das pilastras de esquina, que cerran o frontis. Pequna espadana, dun só corpo. Foi construída no sitio onde, segundo a tradición, predicou Santiago, sendo un dos poucos monumentos vinculados ás actividades do Santo en vida |
| Casa do ermitaño, en Santiaguiño do Monte | GP. 8 | Século máis relevante:XVI.- Estilo relevante: Gótico tardío. Planta cadrada. Fábrica de sillería e cantería con cascallo. Sobre a porta, beirado sobre esteos. Na planta baixa ten unha fiestra con arco mixtilíneo. A planta alta ten unha ventá por cadansúa fachada, o que lle presta aspecto de torre |
| Conxunto da Torre do Monte, en Extramundi de Enriba | GP. 9 | O conxunto está formado por unha extensa finca con zonas de parque, capela de San Miguel, "Fonte do Capitán", Torre-pazo, e corpo coa vivenda do persoal de servicio |
| Pazo de Torre do Monte | GP. 9 | Século máis relevante: XVII, ou XIV-XVIII, segundo outros. Estilo: Renancentista, ou Gótico/Barroco, segundo outros. Planta rectangular coa anterga torre no ángulo suroeste, á que se adosa un corpo baixo coas dependencias do persoal de servicio. Magnífica cheminea. Sillería e cantería de grantio, concertadas, rexuntadas e á vista. Fachada con escalinata imperial, con peitoris de balaústres e pilastras con pináculos no alto do patín. A torre con dous vanos cadrados por fachada e, na parte do xardín, porta con arco apuntado. Escudos dos Romay, Bendaña, Sotomaior, Moscoso e outros |
| Cociña do Pazo da Torre do Monte | Gp. 9 | Século máis relevante: XVIII.- Estilo: Barroco. Pertence ó corpo das dependencias de servicio, aínda que ten carácter propo moi significativo, polo seu deseño e dimensións. Sobre da lareira, dúas grandes ménsulas de perfil curvilíneo, con volutas, sostendo a enorme campá de sillería. Á dependencia conserva numerosos elementos dos séculos XVIII e XIX ben conservados (alacenas de granito, fregadoiro, etc.) |
| Capela do pazo da Torre do Monte | GP. 9 | A Capela de San Miguel co presbiterio englobado. Fábrica de sillería de granito e mampostería rebocada e lucida. Fachada con porta de arco de medio punto e sobre a mesma un relevo coa figura de San Miguel. O pinche remata con cruz e pináculos tronco-pirámides, con bólas |
| Parque do Pazo da Torre do Monte | GP. 9 | Século máis relevante: XVIII.- Estilo: Gótico tardío. O forman dúas zonas ben delimitadas. O xardín exténdese por diante da fachada posterior e comprende terrádegos para especímenes de flor, con cerre de mirto. O parque, ou bosque, exténdese entre o portalón de entrada á finca e o pazo, con arbes de carácter frondoso, aslúns deles centenarios, formando unha avenida totalmente cuberta polas copas |
| Igrexa de Sta. M.ª de Rumille, en Rumille | GP. 9 | Século máis relevante: XVIII.- Estilo: Barroco. Planta dunha nave, rectangular, co presbiterio destacado na planta e no alzado. Fábrica de sillería e cantería rexuntadas e á vista. Fachada con porta de orellas. Frontón recto coa imaxe da Virxe. Espanada sinxela cun copro de campás, sen pilastras e con remates en pináculos piramidais |
| Hórreos do Rueiro, en Rumille, Padrón | GP. 9 | Século máis relevante:XIX.- Estilo: Neoclásico. Tres hórreos, de tres claros, sobre esteos mixtilíneos, de fábrica de sillería de granito e madeira. Os esteos uníronse con tabiques, formando celeiro. Tornarratos contínuo. Penais de sillería, sen bufarda. Cámara en celosía de madeira sobre dous largueiros. Remates de cruz e balaústre |
| Hórreo en Iria Flavia, Pedredo, O Cruceiro | GP. 9 | Século máis relevante: XIX.- Estilo: Neoclásico. Fábrica de sillería de granito e madeira. Cepas mixtilíñas, con cerre, formando celeiro. Tornarratos continuo. Cámara de dous claros feita con celosía e dous largueiros. Cornixa moldulada. Remates en pináculo e cruz |
| Hórreos de Arretén, Iria Flavia | GP. 9 | Século máis relevante: XVIII.- Estilo: barroco. Fábrica de sillería e canterís de granito, e madeira. Tornarratos contínuo. Cámara de dous claros feita con celosía de madeira e dous largueiros. Cornixa moldulada. Remates en pináculo e cruz |
| Cruceiro de Loureiro, en Cruces, Escravitude | GP. 9 | Século máis relevante: XIX.- Estilo: Neoclásico. Cantería de granito. Cruz con remates de botón. Crucifixo e Virxe do Neno. Capitel corintio. Vara octogonal. Imoscapo cadrado, con recadros. Peaña moi moldurada. Pedestal de catro chanzos con vo |
| Cruceiro de Carballeira, en Sta. M.ª de Herbón, Carballeira | GP. m9 | Século máis relevante: XVIII.- Estilo: Barroco. Fábrica de cantería de granito. Cruz florenzada con Cristo morto e Inmaculada coroada por anxeliños. Capitel de fitaria, corintio. Vara octogonal. Peaña moldurada, de grande escocia. Base de tres chanzos, cadrados |
| Cruceiro de Longais | GP. 9 | Século: XVI, presenta data: 1995. E un dos poucos exemplares con data |

| Denominación e situación | Grao de protección | Descrición e datos |
|---|---|---|
| Cruceiros de Arretén, Iria Flavia | GP. 9 | Século máis relevante: XVIII.- Estilo: Barroco. Cruceiro de fábrica de granito. Cruz co Crucifixo e a Dolorosa. Capitel de Querubís. Vara cilíndrica. Peana deforme. Base de tres chanzos cadrados. Outro: Século mís relevante: XVI.- Estilo: Gótico tardío. Fábrica de cantería de granito. Cruz florenzada con Cristo e Virxe co Neno. Capitel con palmetas. Vara octogonal con Sta. Catalina e Santiago. Peana cúbica. Base de dous chanzos cadrados |
| Cruceiro de Sta. Lucía, no barrio de Sta. Lucía de Luáns, Iria Flavia | GP. 9 | Século máis relevante: XVI.- Estilo: Plateresco. Fábrica de cantería de granito. Cruz moi decorada e florenzada. Cristo e a Piedade. Capitel jónico. Vara cilíndrica con peana de sección cadrada e caras afondadas. Peana moldurada na parte |

No que se refire a outros elementos do acervo histórico, artístico e cultural para os que, polas súas peculiares características, non se establece zona de protección, terase conta, nembargante, de manter nas condicións visibles merecentes, sen lle levantar impedimentos por diante nin achegarlle outros elementos estaños ou que desvirtúen a imaxe orixinaria ou causen prexuicio. Encontranse entre estes bens patrimoniais os escudos heráldicos, reloxios de sol, acróteras, imaxes, gravados, pinturas, etc.

O achádego de calquera peza, elemento, resto ou parte oculta que se presuman de carácter arqueolóxico, condición artística, documental ou de valía semellante, poñerase en coñecemento da Comisión Provincial de Patrimonio Histórico, Artístico e Cultural, suspendendose cautelarmente os traballos que no seu caso poderán afectalos ata que se teña dictame e providencia ó efecto, do que se dará, asemade, conta á corporación municipal, tal como se sinala tamén, ó respecto, na execución de obras tipo "T" e "U" (movemento de terras, demolicións) no Anexo sobre protección e catalogación do Patrimonio.

ORDENANZA REGULADORA DA PROTECCIÓN DO PATRIMONIO XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

P.H.A.C.- Grao I

O seu ámbito ven recollido nos planos de ordenación.

USO:

Aquel que teña como finalidade evidente a súa posta en valor, a súa conservación, consolidación ou investigación. Estes usos restrinxidos estarán rexidos polo Decreto 62/89 que Regula a Actividade Arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Asemade nesta zona non poderán realizarse construccións, tendidos, conduccións ou instalacións aéreas ou subterráneas, escavacións, recheos, movementos de terras, plantación e arrinque de árbores, cultivos que requiran labores profundos nin a apertura de pozos e minas.

XACEMENTOS SUXEITOS A ESTE GRAO DE PROTECCIÓN

- IRIA FLAVIA (GA15065001). Aplicado ó ámbito que se evidencia na cartografía adxunta.

PLANEAMENTO SECUNDARIO.

A Lei 16/85 do Patrimonio Histórico Español, no seu artigo 20.1 establece a obriga de redactar un Plan Especial de Protección para os lugares declarados B.I.C. No concello de Padrón, no ámbito arqueolóxico, esta obriga afecta ó xacemento de IRIA FLAVIA. Mentres non se redacta este plan a categoría de protección para este xacemento será a que fai referencia este apartado, complementada co grao de protección II-2 para o seu entorno.

O Plan Especial de Protección de Iria Flavia estará supeditado ós resultados dunha intervención arqueolóxica previa que teña por obxectivo delimitar o xacemento e determinar as áreas que serán obxecto de protección especial.

P.H.A.C.- Grao II

Constitúe a maior parte dos xacementos do Catálogo.

O seu ámbito de protección ven grafiado na planimetría adxunta, establecéndose as seguintes categorías:

GRAO II-1 Zona de Protección Integral.

O seu límite ven definido polas estructuras evidentes do xacemento, nas que os elementos arquitectónicos ou arqueolóxicos testemuñan a existencia dun xacemento arqueolóxico.

Aparecen grafiados coa trama equivalente á clave PHAC II-1

USO:

Aquel que teña como finalidade evidente a súa posta en valor, a súa conservación, consolidación ou investigación. Estes usos restrinxidos estarán rexidos polo Decreto 62/89 que Regula a Actividade Arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Asemade nesta zona non poderán realizarse construccións, tendidos, conduccións ou instalacións aéreas ou subterráneas, escavacións, recheos, movementos de terras, plantación e arrinque de árbores, cultivos que requiran labores profundos nin a apertura de pozos e minas.

XACEMENTOS SUXEITOS A ESTE GRAO DE PROTECCIÓN (PHAC II-1).

- O Castro-Arretén- (GA15065002).
- O Castro-Barco- (GA15065003).
- O Castelo (GA15065004)
- O Castro/O Curuto do Castro (GA15065005)
- Castelo Redondo (GA15065006)
- Casa das Meigas/Pena de Angueira (GA15065007)
- Mámoa de Castelo Redondo (GA15065010)
- Castro Valente (GA36017048)
- Santiaguiño do Monte (GA15065013)

ENTORNO DE XACEMENTOS SUXEITOS A ESTE GRAO DE PROTECCIÓN (PHAC II-2).

- Iria Flavia (GA15065001)
- O Castro-Arretén- (GA15065002)
- O Castro-Barco- (GA15065003)
- O Castelo (GA15065004)
- O Castro/O Curuto do Castro (GA15065005)
- Castelo Redondo (GA15065006)
- Casa das Meigas/Pena de Angueira (GA15065007)
- Mámoa de Castelo Redondo (GA15065010)
- Castro Valente (GA36017048)
- Santiaguiño do Monte (GA15065013)

XACEMENTOS SUXEITOS A ESTE GRAO DE PROTECCIÓN (PHAC II-2).

- Mámoa de Castelo do Medio (1) (GA15065011).
- Mámoa de Castelo do Medio (2) (GA15065012).

P.H.A.C.- Grao III.

Inclúese neste grao de protección aqueles xacementos que posúen un deficiente estado de conservación.

USO:

Remitiráse á Comisión Territorial de Patrimonio o proxecto detallado de calquera obra ou modificación que se pretenda realizar. A Comisión resolverá sobre a pertinencia de dita obra, aínda que en todo caso condicionará ésta a unha intervención arqueolóxica previa que garanta a correcta documentación e investigación dos restos arqueolóxicos existentes.

Grao II-2 Zona de Respecto.

A súa definición individualizada está recollida na cartografía adxunta. E unha área definida arredor do perímetro máis exterior do Ben, baseándose no artigo regulador nº 30 das NCPS da COTOP, adaptado ó contexto en cada caso.

Aparecen grafiados coa trama equivalente á clave PHAC II-2.

USO:

A tramitación da licencia para a realización da calquera tipo de obra nesta zona deberá ser informada preceptivamente pola Comisión Territorial de Patrimonio sendo o seu informe vinculante.

Permítese usos agrícolas, sempre que estos se viñesen realizando de forma tradicional, quedando prohibidas as rotulacións que puidesen deteriorar os estratos arqueolóxicos.

Prohíbense movementos e traslados de terras e, agás informe previo favorable do Organismo competente da Consellería de Cultura, os tendidos aéreos ou subterráneos de liñas de infraestructura eléctrica, gas, abastecemento de auga, etc.

CONDICIÓNS DE EDIFICACIÓN:

Non se admiten edificacións de nova planta.

De xeito excepcional, e mentres non se prexudicase o entorno do xacemento, ou cando este estivese moi deteriorado, previo informe vinculante do organismo competente da Consellería de Cultura, se admite a edificación de vivendas unifamiliares.

XACEMENTOS SUXEITOS A ESTE GRAO DE PROTECCIÓN (PHAC III)

- Mámoa da Chansa (GA15065008)
- A Chansa (GA15065009)

INFRACCIÓNS A PRESENTE ORDENANZA.

O abeiro do título VII, capítulo II do R.D.L. 1/1992, será considerada como infracción urbanística toda acción ou omisión que vulnere as prescripcións contidas na presente ordenanza, sen prexuízo doutras que estean tipificadas e sancionadas pola lexislación.

A luz do artigo 262.2 e 262.3, as infraccións contra a presente ordenanza serán consideradas infraccións urbanísticas graves.

As infraccións contra a presente ordenanza non serán, en ningún caso, tipificadas como anexas con outras infraccións cometidas (art. 21 e 268 do R.D.L. 1/1992).

As sancións serán as previstas no R.D.L. 1/1992 do Texto Refundido da Lei sobre o Réxime do Solo e Ordenación Urbana e na Lei 16/85 do Patrimonio Histórico Español.

**Achádegos non previsibles.**

Tanto nas obras realizadas fora dos lugares, enclaves ou delimitacións con protección arqueolóxica, expresadas en a), como naquelas que, tendo protección, contasen con informe previo no que se presuma esperanza de achádego, ou se deran por concluídas as extraccións, se sucedera aparición de restos, vestixios, elementos ou particularidades que infundisen razoable sospeita do seu carácter arqueolóxico, procederase á paralización cautelar das obras dando conta do achádego ou circunstancias á Comisión Provincial do Patrimonio, ós efectos oportunos, e a autoridade municipal, para coñecemento e consideración respecto ós prazos de execución das obras e demais condicións que poidan estar contidas na licencia e que, fortuitamente, teñan que incumprirse pola paralización dos traballos.

A ocultación de achádegos arqueolóxicos, vestixios, pezas ou elementos que se presupoñan constitutivos do patrimonio histórico, artístico e cultural dos pobos de España responsabilizará ós que así procederan con arreglo ás leis vixentes ó respecto, en concordancia co contido do artigo 46 da Constitución.

O Catálogo de Bens Arqueolóxicos, aséntase nun Carácter de PROVISIONALIDADE PERMANENTE, que permite a inclusión inmediata de calquera novo Ben Arqueolóxico descuberto e a especificación do seu ámbito de protección.

ESTUDIO DO SISTEMA DE NÚCLEOS

De acordo co artigo 12.3 da Lei do Solo de Galicia, temos que estudia-los parámetros do número de vivendas, densidade das mesmas e distancia entre edificacións.

Encontramos que o municipio de Padrón conta cun total de 73 núcleos de poboación, dos cales 25 están clasificados como solo urbano e o resto como solo non urbanizable de núcleo.

De entre os núcleos clasificados como solo urbano destaca o núcleo urbano de Padrón, que constitúe a capital do municipio, a partir do cal ramifícanse as distintas agrupacións-amebas constituídas por unha masa continua e sucesiva de núcleos de poboación, de xeito que a súa distinción e diferenciación faise imposible, e de calquera xeito arbitraria.

Ditas amebas conforman unha entidade única, establecéndose relacións estreitas de toda índole e en gran forma dependentes do núcleo urbano de Padrón.

As comunicacións viarias son boas, asentándose unha meirande parte delas sobre a estrada nacional N-550, adquirindo unha morfoloxía marcadamente lineal.

Destacan entre elas Extramundi, Iria Flavia, Herbón, Pontecesures e Quintáns.

O total de vivendas agrupadas en núcleos no municipio de Padrón é de 2.955, dos cales 1.030 pertencen ó núcleo urbano de Padrón.

Dos restantes, 814 atópanse en solo non urbanizable de núcleo, mentras 1.925 o fan en solo urbano de núcleo rural ou de baixa densidade.

Con todo, e promediando en cada un dos casos, obtemos:

Núm. de viv. promediado para núcleos urbanos de baixa densidade:

(1.925 viv.) / (26 núcleos) = 70 viv./núcleo.

Núm. de viv. promediado para núcleos de solo non urbanizable de núcleo:

814 / 46 = 17,70 viv./núcleo.

Núm. de viv. promediado para calquera tipo de núcleo:

(1.925 + 814) / (26 + 46) = 38 viv./núcleo.

Si facemos un razoamento similar para o núm. de habitantes, obtemos:

Núm. de habitantes promediado para núcleos urbanos de baixa densidade:

3.246 / 26 = 125 hab./núcleo.

Núm. de habitantes promediado para núcleos clasificados como solo non urbanizable de núcleo:

2.805 / 46 = 61 hab./núcleo.

Núm. de habitantes promediado para calquera tipo de núcleo:

(3.246 + 2.805) / (26 + 46) = 84 hab./núcleo.

Polo tanto, nunha primeira aproximación, poderíamos considerar que no municipio de Padrón se forma un núcleo de poboación mediante a agrupación de máis de 38 vivendas, que acollen ó menos a 84 persoas de feito.

Outro aspecto a ter en contra, de acordo co mencionado art. 12.3 da L.S.G. é o relativo á densidade e distancia entre vivendas dentro do núcleo. Neste senso, temos que ter en conta que cando entre dúas vivendas consecutivas exista unha distancia superior a 100 metros, o núcleo non existe, xa que as densidades alcanzadas son mínimas, en torno a 5 vivendas por hectárea, o que loxicamente non debe ser considerado como suficiente para que a área poida te-lo carácter de núcleo de poboación.

Así mesmo, temos que ter en conta outros aspectos á hora de marca-los parámetros definitorios do núcleo rural, tales como a súa ubicación e o sistema de comunicación, que obviamente incidirán de xeito claro á hora da súa consideración, xa que a tendencia edificatoria, e consecuentemente, a apetencia de solo prodúcese de xeito directamente proporcional á facilidade de comunicacións que presente o núcleo. Si a elo unimos os datos facilitados polos planos de información relativos a usos do solo e a edificación, que nos permiten coñece-lo grao e desenrolo dos equipamentos existentes en cada núcleo, así como a maior ou menor preeminencia de actividades primarias de carácter agrícola, así como á carencia dos requisitos de urbanización básica do art. 78 da L.S. na totalidade dos núcleos do municipio con excepción de Padrón e núcleos adxacentes, provocan unha dobre clasificación do solo dos núcleos en urbano, nos que se necesitaría un dobre planeamento derivado: PERI no solo urbano, e PEMM no non urbanizable.

Polo tanto, temos que diferenciar no sistema de núcleos do municipio de Padrón os seguintes:

- Núcleo urbano existente.

Padrón capital, e núcleos adxacentes a éste. O solo destes núcleos clasificarase como urbano ou solo urbanizable programado ou non programado, de acordo co art. 15 da L.S.G.

NÚCLEOS RURAIS TRADICIONAIS

| Parroquia | Núcleo | Vivend. actuais | Obriga PEMM | Vivendas actuais | Obriga PERI |
|---|---|---|---|---|---|
| Herbón | Barca | 3 | 1 | | |
| Herbón | Condes | 6 | 3 | | |
| Herbón | Confurco | 8 | 4 | | |
| Herbón | Cortiñas | 23 | 11 | | |
| Herbón | Herbón-Igrexa-Rego da Mancha (Vista Alegre) | | | 209 | 104 |
| Herbón | Morono | 34 | 17 | | |
| Herbón | Rocha | 5 | 2 | | |
| | TOTAL | 79 | | 209 | |
| Carcacía | Bandín | 14 | 7 | | |
| Carcacía | Casal-Lamas | 26 | 13 | | |
| Carcacía | Corral | 15 | 7 | | |
| Carcacía | Cruxeiras de Abaixo | 9 | 4 | | |
| Carcacía | Guimaráns | 6 | 3 | | |
| Carcacía | Igrexa | 12 | 6 | | |
| Carcacía | Juane | 36 | 18 | | |
| Carcacía | Outeiro | 8 | 4 | | |
| Carcacía | Pousada | 38 | 19 | | |
| Carcacía | Rial | 15 | 7 | | |
| Carcacía | Ribadulla | 8 | 4 | | |
| Carcacía | Sande | 10 | 5 | | |
| Carcacía | Sinde | 29 | 14 | | |
| Carcacía | Sobrerribas | 10 | 5 | | |
| Carcacía | Bersaos | 11 | 5 | | |
| Carcacía | Rumille | 19 | 9 | | |
| Cruces | Angueira de Suso | 37 | 18 | | |
| Cruces | Areal | 28 | 14 | | |
| Cruces | Bascuas | 10 | 5 | | |
| Cruces | Baiuca (Cambelas, Rueiro-Souto-Romarís -Quintáns-Anteporta) | 141 | 70 | | |
| Cruces | Belina-Tarrío | 22 | 11 | | |
| Cruces | Cruces | 39 | 19 | | |
| Cruces | Escravitude-Loureiro | | | 65 | 32 |
| Cruces | Muíños | 23 | 11 | | |
| Cruces | Pedroso do Norte | 24 | 12 | | |
| Curces | Pedroso do Sur | 20 | 10 | | |
| Cruces | Picaraña de Arriba | 23 | 11 | | |
| Cruces | Prada | 33 | 16 | | |
| Cruces | Queiruga | 14 | 7 | | |
| Cruces | Vilar | 23 | 11 | | |
| Cruces | Vigo | 11 | 5 | | |

| Parroquia | Núcleo | Vivend. actuais | Obriga PEMM | Vivendas actuais | Obriga PERI |
|---|---|---|---|---|---|
| Iria | Anteporras-Cambelas -Romarís-Rueiro-Quintáns-Souto (Baiuca)-Porta dos Mariñios | 141 | 70 | | |
| Iria | Pedreda-Roncón-Iria Flavia-Retén-Luáns-Monte-Piñeiro-Lestido - Matanza | | | 376 | 183 |
| Iria | Pontecesures-Palomar de Abaixo - Aduana - Muelle - Paraiso | | | 159 | 79 |
| Iria | Barco | | | 10 | 5 |
| Padrón | Agronovo | 15 | 7 | | |
| Padrón | Extramundi de Abaixo- Extramundi de Arriba - Vilar - Pedreira | | | 301 | 150 |
| Padrón | Lamas | 6 | 3 | | |
| | TOTAL | 814 | | 1.111 = | 1.92 |
| NÚCLEO URBANO PADRÓN | | | | 1.030 | 1.03 |
| | | | | | 2.95 |

CONCEPTO DE NÚCLEO DE POBOACIÓN E CONDICIÓNS OBXECTIVAS QUE DEAN LUGAR Á SÚA FORMACIÓN

- DEFINICIÓN DE NÚCLEO DE POBOACIÓN

1.- De acordo co especificado no art. 36.b) do R.P., considérase que unha determinada agrupación de vivendas poden constituír núcleo de poboación cando teña capacidade para xenerar un crecemento material e social que demanda servicios, e equipamentos colectivos.

2.- Os núcleos de poboación considerados nas Normas aparecen delimitados nos Planos de Ordenación, estando os mesmos comprendidos dentro dos perímetros de solo urbano, que abarcan os núcleos rurais, e nos núcleos tradicionais de solo non urbanizable.

- CONDICIÓNS QUE DAN LUGAR O PERIGO DE FORMACIÓN DE NÚCLEO DE POBOACIÓN

A efectos do sinalado no art. 16.3.2a, da Lei do Solo, considérase a efectos das presentes Normas que existirá perigo de formación de núcleo de poboación cando se produza ó menos unha das condicións seguintes:

- Cando de acordo co previsto no estudio do sistema de núcleos, a nova edificación proxectada xenere unha agrupación de 12 vivendas, de xeito que ningunha delas diste da inmediata máis de 100 m. lineais.

- Cando nun radio de 100 m. a partir da edificación a construír existan, ó menos, vivendas ou edificacións ou instalacións de utilidade pública ou interese social que teñan que emprazarse en medio rural.

Ós efectos, considérase que nunha franxa de 100 m. de profundidade, paralela á poligonal de borde dos núcleos acreditados, non existe perigo de formación de núcleo de poboación.

O previsto neste art. non será de aplicación no solo non urbanizable de núcleos rurais de poboación, a autorización no seu ámbito das edificacións e instalacións, non necesitará a xustificación da imposibilidade de formación de núcleo (art. 22.2 L.S.G.).

DISPOSICIÓN FINAL 1.ª

Dentro das determinacións do presente Plan Xeral manterá a súa vixencia o planeamento en desenrolo, nestes intres en tramitación constituído polo Plan Parcial Parque Empresarial de Padrón no sector de Veigas de Pazos de iniciativa pública xestionado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Manterá a súa vixencia o Plan Parcial de Ordenación Parque Empresarial "A Picaraña" (aprobado pola C.P.U., en sesión celebrada o día 2 de decembro de 1992).

DISPOSICIÓN FINAL 2.ª

As determinacións contidas no presente documento non prexulgan as competencias exclusivas que, pola lexislación de aplicación veñan atribuídas as distintas administracións sectoriais, tanto de orde estatal como autonómico ou local.

DISPOSICIÓN FINAL 3.ª

Deberá redactarse con urxencia a delimitación do ámbito de protección do camiño de Santiago por Iria Flavia para o desenrolo do Plan Especial de protección do mesmo.

O Camiño de Santiago foi declarado por Decreto 2.224/1962, do 4 de setembro, conxunto histórico-artístico, e trátase dun ben de interese cultural que ten que incluírse na categoría dos conxuntos históricos definidos no art. 15.3 da Lei de Patrimonio Histórico Español.

O Plan Especial de protección do Camiño de Santiago deberá regula-los seguintes aspectos:

a) Delimitación do seu ámbito, respectando non so o itinerario actual do camiño, senón, ademais, salvagardando a súa tradicional e primixenia delimitación.

b) Regulación da anchura da vía, protección de arcen, prohibicións, rede de hospederías e afectación ó uso público, etc.

c) Protección monumental, arqueolóxica, histórico-artística de templos, mosteiros, hospederías, pontes, hospitais, levantados ó borde ou nas proximidades do camiño.

d) Estudio do medio ambiente e da paisaxe: prohibición de determinadas actividades que poidan afecta-la integridade física ou xurídica do camiño (prohibición de construcción de determinados edificios ou implantación de usos industriais, etc.

e) Estudio, difusión e promoción turística, que debe estar presidida polos principios de cooperación e colaboración entre as distintas Administracións Públicas implicadas.

Fíxase o prazo máximo dun ano dende a aprobación definitiva do Plan Xeral para redacción do mesmo o obxecto de evitar situacións que puideran ser irreversibles no futuro.

# ANEXO

## OLEODUCTO A CORUÑA - VIGO
Campsa - Dir. Proyectos y Obras

## CARACTERÍSTICAS DE LAS SERVIDUMBRES MOTIVADAS POR LAS INSTALACIONES

**CARACTERÍSTICAS DE LAS SERVIDUMBRES MOTIVADAS POR LAS INSTALACIONES**

1. OLEODUCTO

**1.1. Servidumbres de paso.**

Las afecciones serán las siguientes:

A) La imposición de servidumbre perpetua de paso en una franja de 4 metros, dentro de la cual discurrirá enterrada la canalización o tubería junto con los accesorios, elementos auxiliares y de señalización de ésta, que sean precisos. Los límites de dicha franja quedarán definidos a 2 metros a cada lado del eje del trazado de la conducción.

Esta franja se utilizará para instalar la canalización, su renovación, vigilancia y mantenimiento, para ello, se dispondrá en dicha franja del libro acceso del personal, elementos y medios necesarios con pago de los daños que ocasionen en cada caso.

Los límites de esta franja quedarán dentro de los de ocupación temporal.

B) La servidumbre de ocupación temporal durante el período de ejecución de las obras, en una franja o pista donde se hará desaparecer todo obstáculo, cuya anchura máxima será la que se indica en los planos parcelarios, con pago de los daños que se ocasionen en cada caso.

C) La prohibición de efectuar trabajos de arada, cava u otros análogos, a una profundidad superior a setenta centímetros en la franja a que se refiere el apartado A.

D) La prohibición de plantar árboles o arbustos de tallo alto y efectuar movimiento de tierras en la franja a que se refiere el apartado A.

E) No se permitirá levantar edificaciones o construcciones de cualquier tipo, aunque tengan carácter provisional o temporal, ni efectuar acto alguno que pueda dañar o perturbar el buen funcionamiento, vigilancia, conservación, reparaciones y sustituciones necesarias, en su caso, de la canalización y sus instalaciones auxiliares, a las siguientes distancias, medidas a cada lado del eje de la canalización instalada:
- Zona rural: 10 metros.
- Zona semiurbana: 4 metros.

No obstante, en casos especiales y cuanto por razones muy justificadas no pueda observarse lo indicado, se deberá solicitar autorización a la Consellería de Industria y Comercio de la Xunta de Galicia, los cuales podrán concederla previa petición del informe a "CAMPSA" y a aquellos organismos que considere conveniente consultar.

F) Para los cables de conexión de lechos anódicos de la instalación de protección catódica serán los siguientes:

La imposición de servidumbre perpetua de paso en una franja de 1,5 m. dentro de la cual discurrirán enterrados los cables de conexión y elementos del lecho anódico.

Esta franja se utilizará para instalar dichos cables y elementos, su renovación, vigilancia y mantenimiento, para ello, se dispondrán en dicha franja del libre acceso del personal, elementos y medios necesarios con pago de los daños que se ocasione en cada caso.

Los límites de esta franja quedarán dentro de los de ocupación temporal.

Servidumbre de ocupación temporal durante el período de ejecución de las obras, en una franja o pista en donde se hará desaparecer todo obstáculo, cuya anchura máxima será la que se indica en los planos parcelarios, con pago de los daños que se ocasionen en cada caso.

La prohibición de efectuar trabajos de arada, cava u otros análogos, a una profundidad superior a sesenta centímetros en la franja a que se refiere el primer párrafo de este apartado F.

La prohibición de plantar árboles o arbustos de tallo alto y efectuar movimientos de tierra en la franja a que se refiere el primer párrafo de este apartado F.

No se permitirá levantar edificaciones o construcciones de cualquier tipo, aunque tengan carácter provisional o temporal, ni efectuar acto alguno que pueda dañar o perturbar el buen funcionamiento, vigilancia, conservación, reparaciones y sustituciones necesarias, en su caso, de los cables y elementos del lecho anódico, en la franja a que se refiere el primer párrafo de este apartado F.

Lo indicado en todos los apartados anteriores no será de aplicación en los bienes de dominio público.

**1.2. Ocupación de dominio.**

Ocupación permanente y perpetua de las parcelas que se indican en los planos parcelarios, en el vuelo, suelo y subsuelo, necesarias para la construcción de las instalaciones de posiciones de válvulas con los elementos anexos a la misma, armarios para la instalación de protección catódica, así como la instalación de protección de los conjuntos de válvulas de línea, indicadores de paso de rascador y densímetros, incluyendo la construcción del cerramiento y vallado de protección a loa totalidad de los perímetros, para la salvaguarda de las instalaciones de elementos extraños y/o intrusos.

2. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS

**2.1. Servidumbres de paso.**

La imposición de servidumbres perpetua de paso en una franja de 1 m. a lo largo del trazado de la acometida y quedarán definidos los límites a 0,50 m. a cada lado de la línea.

Esta franja se utilizará para instalar la línea, su renovación, vigilancia y mantenimiento, para ello se dispondrá en dicha franja del libre acceso del personal, elementos y medios necesarios con pago de los daños que se ocasionen en cada caso.

No existe ninguna imposición, respecto a la línea de edificación, por lo tanto se podrá edificar en la misma alineación de la acometida.

Durante el proceso de ejecución de las obras se talarán los árboles y arbustos que ocuparán dicha franja.

**2.2. Ocupación de dominio.**

Ocupación permanente y perpetua de 1 m$^2$ de la parcela donde se ubiquen los postes de tendido eléctrico para la ejecución de la línea.

Campsa

**DIRECCION DE PROYECTOS Y OBRAS**
**STANDARD DE OLEODUCTOS**

Nº ST. IM. OL 01

TITULO:
## SERVIDUMBRES DE OCUPACION

HOJA 1 DE 1

| REVISION | FECHA | DIBUJADO | COMPROBADO | APROBADO | DESCRIPCION |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | NOV. - 90 | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |




SERVIDUMBRE PERMANENTE




OCUPACION TEMPORAL

NOTAS

1.- ZONA DE SERVIDUMBRE PERMANENTE: SE PROHIBE REALIZAR TRABAJOS DE PROFUNDIDAD SUPERIOR A 70 cm., PLANTAR ARBOLES O ARBUSTOS ASI COMO CUALQUIER TIPO DE CONSTRUCCIONES YA SEA TEMPORAL O PERMANENTE, SIN PERMISO DEL ORGANISMO COMPETENTE DE LA ADMINISTRACION.

2.- ZONA DE OCUPACION TEMPORAL: SE EXPLANARA Y ACONDICIONARA PARA PASO DE MAQUINARIA Y VEHICULOS, SE CORTARAN ARBOLES Y NO SE PODRA CULTIVAR MIENTRAS DUREN LOS TRABAJOS. POSTERIORMENTE SE VOLVERA A DEJAR COMO ESTABA INICIALMENTE.

3.- COTAS A, B, T, SEGUN SECCION TIPO DE PISTA DE TRABAJO.

4.- DIMENSIONES EN MTS.

| Campsa | DIRECCION DE PROYECTOS Y OBRAS<br>STANDARD DE OLEODUCTOS | NºST.IM.OL.<br>02 |
|---|---|---|
| | TITULO:<br>LIMITACIONES | HOJA 1 DE 1 |

| REVISION | FECHA | DIBUJADO | COMPROBADO | APROBADO | DESCRIPCION |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | NOV. - 90 | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |




## ZONA RURAL




## ZONA SEMI-URBANA

NOTAS:

ZONA-1 SE PROHIBE REALIZAR TRABAJOS DE PROFUNDIDAD SUPERIOR A 70 cm, PLANTAR ARBOLES O ARBUSTOS, ASI COMO CUALQUIER TIPO DE CONSTRUCCIONES YA SEA TEMPORAL O PERMANENTE, SIN PERMISO DEL ORGANISMO COMPETENTE DE LA ADMINISTRACION.

ZONA-2 SE PROHIBE PLANTAR ARBOLES O ARBUSTOS ASI COMO EDIFICAR CUALQUIER TIPO DE CONSTRUCCION YA SEA TEMPORAL O PERMANENTE, SIN PERMISO DEL ORGANISMO COMPETENTE DE LA ADMINISTRACION.

ZONA-3 SE PROHIBE REALIZAR CONSTRUCCIONES DE CUALQUIER TIPO YA SEA TEMPORAL O PERMANENTE, SIN PERMISO DEL ORGANISMO COMPETENTE DE LA ADMINISTRACION.

DIMENSIONES EN MTS.

Padrón, 11 de agosto de 1994. - El Alcalde, firmado.

11345-PD / 11307